



BASES: XI CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA.

24 de agosto de 2025

1ª. - Poderán participar neste certame tódolos/as artistas que o desexen. Cada participante só poderá presentar unha obra e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª. - O estilo e a técnica serán libres, a súa temática xirará en torno á paisaxe, e o espazo físico no que se realicen debe ser no entorno que abrangue o paseo marítimo, a praia da Madalena, o paseo da Mariña, zona do río Condomiñas, praia da Area Longa, casco antigo e Porto de Cedeira. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural, non poidendo utilizarse para tal fin fotografías tomadas con antelación.

Os/as pintores/as deberán mandar vía whatsapp ao número 649876614 a localización do lugar onde vaian realizar a súa obra.

3ª. - O certame terá lugar o domingo 24 de Agosto de 2025. As inscricións realizaránse o mesmo día do certame de 9.00h. a 11.00h. no posto de turismo e información situado na rúa Ezequiel López e serán gratuítas.

4ª. - Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabaleta onde se expoñerá a súa obra posteriormente.

5ª. - O soporte non superará as medidas de 100 x 81 cm., e presentase o día do certame de 9:00 a 11:00 h. da mañá no posto de inscrición (punto 3) para ser selado.

6ª. - O tempo para presentar as obras rematará as 17:30 horas e realizarase no control establecido na sala Áncora na praza Roxa, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18:30 horas. As obras participantes permanecerán en exposición na propia sala, ou no exterior en caso de que as condicións climatolóxicas o permitan, ata as 20:00 h. Os participantes con cadros non premiados poderán poñer á venda as súas obras durante o tempo de exposición asinándoas e poñéndolles na parte traseira o seu importe.

7ª. - O xurado que avaliará as obras está composto por profesionais das artes plásticas, sendo os seus membros os seguintes:

Presidente: Andrés Urrutia – Pintor

Vogal: Xurxo Pernas Díaz – Artista plástico

Secretaria: Marta Pérez Durán - Artista

8ª. - As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Cedeira, así como os dereitos de reprodución.

9ª. - Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

1º. - 900€ e diploma

2º. - 700€ e diploma

3º. - 500€ e diploma

4 accésits de 100 € cada un.

10ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade deberán poñerse en contacto co número 649876614

11ª. - A participación neste certame implica a aceptación total das presentes bases.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*





Concello de Cedeira

Tlfno: 981 480 000- fax: 981 482 506 | correo@cedeira.es

Rúa Real,15 | 15350 Cedeira - A Coruña

En
Gil.

Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

